

O galego e a cidade da Coruña.

Pasado e presente. II

XOSÉ LUÍS AXEITOS

Entre as normas retóricas que seguían moito os predicadores e os políticos había a *captatio benevolentiae* que, dalgunha maneira era a fórmula coa que se empezaba sempre. Era prometer brevidade e declararse humilde, de que un non sabe nada deste tema. Neste caso eu, sen retórica ningunha, así llo expuxen á profesora Goretti Sanmartín Rei cando me propuxo falar aquí, estimo que as miñas opinións non están avaladas por ningún estudo científico e académico, como é o caso de Sabela ou de Pilar, aínda que eu poida compartir as preocupacións delas pola lingua e pola sociedade en xeral. Fronte a elas teño dende logo o mérito de que son o decano aquí, con 60 anos non hai ninguén aquí, reividico a autoridade do decanato. Xa digo que son opinións dun cidadán que se atopa vivindo nun pobo determinado e que sen pretendelo moitas veces vese sempre metido en circunstancias que un topa na vida.

Eu lembro, por exemplo, o caso da toponimia, porque sempre tiven a idea de que a toponimia era o último reduto no que se refuxiaban as palabras cando estaban sendo expulsadas doutros ámbitos, porque eses nomes pequenos, a toponimia menor era algo sentimental e afectivamente moi importante para o pobo. Cando era moi novo eu escribín un artigo que agora mesmo teño que agachar porque dicía cousas que non eran doadas sobre a toponimia. Eu, como nacido en Rianxo pois claro, era *Rianjo*, e ao lado tiña Bexo, que era *Bejo*. Entón, tan pronto aprendín que había fricativas xordas e mirando polo libro escribín alí unha cousa en *La Noche*. Vinme metido naquela liorta. Despois, un amigo taxista decidiu poñerlle Rianxo na franxa aquela que había e aquilo foi... o comezo dun proceso xudicial, artigos en todas partes, e outra guerra na que non nos metiamos, que nos vimos metidos nela case sen querer.

E alá polo ano 71 ou 72, eu viña de facer o servizo militar xa con moitos anos, tiña 25, convidáronme a dar unha conferencia sobre toponimia en Lalín, e citei unha serie de topónimos, como *El Niño de la Guía*, cousas que sabía, pero eu apuntei que moitas destas

cousas fora a Garda Civil quen realmente as deturpara. Non se me ocorreu outra cousa e ao día seguinte chama un tenente da Garda Civil a dicirme de onde sacara eu ese dato. Eu díxenlle que o oíra. «Pero, ¿onde está escrito?». O home dicía que non era por nada malo pero que el quería saber ese dato, a ver de onde viña, que el consideraba que era unha falta. Eu creo que ás veces vivimos nun país sen outro obxectivo, enfrontámonos a unha realidade, a unha situación que normalmente nos fai reflexionar. Eu son profesor dun instituto de aquí da Coruña, un instituto que eu diría case periférico, que está nos *Rosales*, que colle a zona de Labañou... É dicir, que non é un alumnado, digamos, socioloxicamente caracterizado... Preguntei se había enquisas sobre o número de falantes do meu centro. Hai aproximadamente 250 alumnos, e sen haber enquisas, xuntámonos 5 ou 6 profesores e contamos moi benevolmente 7 alumnos que eran falantes galegos. Ademais con nomes e apelidos porque vese xa inmediatamente. Entendendo por falantes galegos aqueles rapaces que, cando remata a súa clase seguen falando en galego, non os alumnos que se lles falas en galego che respondan en galego, evidentemente. Pois debe saír así como un 2% de falantes. Se a isto lle engadimos despois as enquisas que se acaban de publicar estes días, pois evidentemente son datos moi pesimistas. O que pasa é que, de calquera maneira e afortunadamente, ás linguas non se lles ve a saúde na cara como se lles ve ás persoas e hai paradoxos históricos moi curiosos. No ano 1200 a ninguén se lle ocorrería pensar que o inglés ía ter esta forza expansiva que ten hoxe, ou que ía desaparecer o latín sendo unha lingua dominante practicamente en todo o que se denominaba o imperio naquela época. E incluso paradoxos que hai hoxe. Hoxe fálanse máis linguas que países hai en Europa. O tópico ese de lingua-estado lévanos incluso a calquera persoa adulta dicirlle «En Francia francés, en Italia italiano, en España español» e dislle «en Suíza» e din «en suízo», é dicir que realmente hoxe case non hai país no mundo que non teña convivindo linguas.

Pero hai tamén unha mentalidade, incluso historiograficamente, que di que as nacionalidades é un mal que desaparece co tempo, o mesmo que se lle aplica á xuventude. E tamén nas linguas, que todas as linguas que xeran conflitos, normalmente se soluciona tamén por esa cousa de que o tempo vai curar esa situación, de que sempre hai unha lingua dominante etc. Todo isto son reflexións que nos teñen que facer conscientes do país no que vivimos sobre todo por moralidade e por ética, porque detrás de toda esta polémica de La Coruña / A Coruña, que xa é unha cousa vomitiva, ademais eu concordo coa xente que di que nada máis que é unha cortina de fume para tapar outros problemas, e aí está precisamente a falta de ética e a inmoralidade da xente que emprega politicamente a liorta. Por outra parte a ninguén presente se lle escapa que incluso cientificamente, eu estou manexando epistolarios do S. XIX e ata o ano curiosamente 1875: «Diputación Provincial Coruña». E cando aparece «la Coruña», con minúscula loxicamente. 1875 é a primeira data que aparece «la Coruña». Non sei se terá que ver coa restauración ou se terá que ver coas leis pedagóxicas e de todo tipo, sociais que se producen a partir de aí, e coido que se consolida moi especialmente a partir de *La Voz de Galicia*, porque a partir dos anos 80 empezan a poñer xa no encabezamento *La Coruña algún diputado provincial e algún*

concelleiro do axuntamento, como Narciso Pérez Reoyo. Pero máis alá isto o que agacha é unha falta de ética. A moralidade individual e a ética social das persoas loxicamente ten que ver co emprego do idioma. O idioma non só ten unha función comunicativa, ten funcións afectivas, ten funcións sentimentais e dende logo hai unha ética da linguaxe que non debemos descoidar que está relacionada con que a linguaxe nos relaciona cunha realidade obxectiva. Se ti cando empregas as palabras non tes en conta ese referente é unha falta de respecto loxicamente a ese referente. A ética da linguaxe maniféstase cando un utiliza a linguaxe para atopar a verdade ou para procurar a verdade. Cando ti utilizas a linguaxe para ocultala iso é mendacidade, porque chega un momento en que xa non é mentireiro, porque mentireiros podemos selo todos, pero ser mendaz é moito máis grave, é unha falta de ética e de moralidade porque iso é practicamente dicir o que di, sabendo que se mente a si mesmo, e exprésao desa maneira.

Iso é todo o que se está expresando detrás desa polémica lamentable que temos aquí que é unha agresión directa a unha realidade social, aínda que nada máis fora por respecto, é dicir, que se eu teño uns cidadáns que viven neste concello e que ten unha realidade social, teñen unha realidade cultural, cando eu emprego as palabras, pois loxicamente teño que ser ético. Eu creo que debemos insistir niso. As persoas que empregan como arma agresora a lingua son persoas sen ética. Temos que reivindicar a ética social porque tamén a lingua decide esa situación ética. Dalgunha maneira porque eu coído que as políticas lingüísticas, eu non falaría de política lingüística, falaría de lingua e política, o de política lingüística sería máis discutible, resumindo, e tendo en conta todos os puntos intermedios que se poidan facer, pois coído que hai tres actitudes nos grupos sociais, ou sexa, coa situación lingüística. Pódese estar satisfeito –normalmente son os grupos con posición dominante– coa situación lingüística que temos na cidade máis concretamente. Hai unha actitude de resignación, na que, ante o declive de calquera situación cultural como neste caso a lingua, déixase simplemente pasar; e hai despois a actitude de defensa, digo con todas as posicións intermedias. Todos estamos metidos nestas tres posicións coas intermedias posibles. Resumindo: defender o que se considera propio e, loxicamente, gañe ou perda, defendela con tenacidade e, como dicía un home que se preocupou de reflexionar sobre estas cousas, con «violencia desnuda». E pola contra o poder tamén ten tres actitudes resumindo: unha é de represión, de prohibición, que está en declive, case non a practica ninguén actualmente, pero que se practicou con prohibicións lexislativas, con trabas legais para poder ensinar, para poder facer uso administrativo desa lingua. Foi unha etapa determinada, foi unha etapa que fracasou, foi unha política que fracasou en case todos os países que se practicou, temos xa unha experiencia histórica. Hai despois unha que é a de deixar facer, a de deixar pasar. É a máis practicada actualmente. Está curiosamente moi pegada ao que é o liberalismo político e económico, o liberalismo é deixar facer, deixar pasar pero está a favorecer aos grupos de poder, o que se enriquece non é o obreiro. O non intervencionismo. E lingüisticamente igual, esta actitude é unha actitude política, porque a xente pensa que iso é non facer política. É unha actitude baseada na non acción pero hoxe é a que se está mostrando máis eficaz en todas as situacións

históricas, a máis practicada. E hai finalmente unha de promoción activa fronte á pasividade da anterior. Eu coido que ante estes tres feitos, e é unha interrelación, todos estamos metidos nalgunha destas situacións ou intermedias e temos con respecto ao que nos predica o poder unha determinada actitude. Xa dixen que o *laissez faire* é a máis eficaz e loxicamente conta sempre coa actitude resignada da parte B, é dicir, que cando se practica esta política sempre se conta coa complicidade da parte da poboación que dalgunha maneira ten unha actitude de resignación.

Claro, ¿cando se produce conflito? Conflito soamente se produce cando non se resigna a poboación, cando os grupos sociais non se resignan, e entón os poderes vense na necesidade, se non queren un conflito, de arbitrar situacións. Non, estamos hoxe en Galicia por exemplo nesta situación onde unha reivindicación social forte, belixerante de defensa a ultranza da lingua creará o conflito dabondo como para que os poderes políticos tiveran que rectificar, desde logo, e quizais si é posible que en Euskadi haxa esta situación. Que curiosamente, cando se practica unha política unionista, unha política tradicionalista, como fai o Estado Español, é curioso que normalmente identifican escisión e separación co conflito lingüístico, e creo que en moitas ocasións non ocorre así. Por exemplo, é curioso que o núcleo fundacional de todo o nacionalismo vasco foi Bilbao e curiosamente Bilbao foi o sitio que menos falaba vasco. Do núcleo concreto de Bilbao hai un estudo de Michelena indicando a capacidade de unión e de cohesión das linguas e das relixións, e xustamente apunta este dato curiosísimo de que non é identificable escisión con lingua, ou non sempre é así. Non se poden xeneralizar estas cuestións.

Dende logo eu insistiría enormemente en que nós temos que reivindicar loxicamente un uso ético e moral da linguaxe e denunciar a inmoralidade e a falta de ética de todos estes personaxes que dalgunha maneira están agredindo constantemente, e que dende logo non queda outra solución se queremos ter outra perspectiva que ser belixerantes. Só dende a belixerancia se poden arbitrar medidas de situacións de equilibrio e de respecto. Historicamente é así, aínda que moitas veces as experiencias son moi paradóxicas. É curioso que, por exemplo, no sureste asiático, nada máis concedida a independencia impoñen unhas linguas loxicamente propias pero non ocorreu o mesmo en África. En África a negritude séguese cantando en francés e, con todo, non creo que comprendan mellor o francés no Senegal que no Vietnam. Son cousas da vida, como diría Castelao. De calquera maneira a miña brevidade vai ter a vantaxe de que lle deixo tempo a Pilar que ten máis autoridade ca min. A miña autoridade xa digo que é de anos, eu aínda usei a palabra fielato aínda a usei e aínda cando perdo o tempo teño un amigo que me di «tes que pagar o fielato». Os anos ás veces son unha experiencia. En calquera caso, moitas grazas.